

# IRIMIA



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XLI  
Nº 1052  
De setembro a  
outubro de 2023

Benia quen constrúe  
a paz!



# Fachineiro ...do mestre benquerido

Paula Carballeira, novo Premio Nacional de Literatura Dramática



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Somos o que agradecemos

Vale, que si. Que somos o que comemos e as decisións que tomamos, que somos o que vemos, lemos e estudamos, que somos o que experimentamos, que somos iso no que traballamos e con quen trebellamos (que importante é unha vogal!). Pero somos xenes e saberes herdados, coidados recibidos a esgalla, feridas das que sandamos case sempre con axuda. Somos vidas pola graza dunha atmosfera e a dunha sorte de *amorfera*. Facémonos a nós mesmos nun 2 % -tirando moito por riba- do que somos. No balance final somos débeda impagable. Por algo dicía Silvio Rodríguez aquilo de “Soy feliz, soy un hombre feliz y quiero que me perdonen por este día los muertos de mi felicidad”.

Precisamente por iso somos o que agradecemos. O agradecemento é a medida da nosa humanidade madurizada, a boa dixestión da vida: da urdime de afectos que nos fixo, do recordo vivo de quen nos foi amparando, da paisaxe que nos deu acougo, de quen armou os nosos saberes e destrezas, de quen nos axudou co rumbo, co propósito e co sentido. E de quen nos deu punteiro, maceta e buxarda para labrarmos o noso petiño de ánimas

interior, ese no que gardamos o noso máis sagrado.

Agradécese o que é graza, galano da Vida, o que é gratis ou vale moito máis do que o seu prezo. O que nos vai salvando da melancolía.

Luís Gómez Aldegunde (A.Q.) deixa de escribir o “Fachineiro”, porque xa non pode. A esclerose lateral amiotrófica, a ELA, é moi testana, nin el é quen de convencela. Foi unha graza tan grande coñecelo, compartir mesas con el, sabelo aí. Unha lealdade intelixente e pícara, o máis crítico e o máis divertido, agudo, informado e retranqueiro. Que bo tipo! Cantos coma el nos cumprían!

E sen pretensións. E agora dinos -neste número, na conversa que traemos a estas páxinas- que el o agradece todo: ser como é, o neno labrego que foi, a familia, as amizades, o traballo de mestre, os libros, o teatro, as pelis..., e que non se cambiaría por ninguén. Nin sequera “nesta situación”.

E non podemos reprimir unha bágoa, ou varias. Pero non de tristura, senón de emoción pola bondade da boa, adulta, madura, sabia, curtida. E agradecida. Porque a bondade e a xenerosidade só teñen ese problema, que en doses abondosas e enxebres producen unha emoción que nos conmove e unha irreprimible actividade das glándulas lacrimais.

Grazas, compañeiro, por saberes agradecer. Sempre terás unha candeal acesa no noso petiño interior, o das causas xustas, o dos nosos santiños, o das persoas compañeiras.



Nun recente artigo o hispanista irlandés Ian Gibson –especialista en García Lorca e que reside en Andalucía– insistía no enfoque sobre o que tantas veces temos editorializado en *Irimia*: a diversidade lingüística é unha fortuna. A mensaxe principal dese artigo expresábase xa de entrada: “Toda España divídese en dúas partes: a monolingüe e a bilingüe. Que sorte para os galegos, vascos, cataláns (e valencianos e habitantes das illas) recibir desde a infancia tal agasallo!”. Curiosamente ese agasallo, segundo o artigo 3.3. da vixente Constitución española, non o é simplemente para cada nacionalidade con idioma propio, senón para o conxunto, pois esa diversidade lingüística é un “patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.

Todo “don” herdado implica unha “tarefa”. Un patrimonio inmaterial cómpre mantelo vivo. Protexer unha especie en perigo non é encerrala nun zoo ou disecala nun museo, é darlle espazo, vida, hábitat, territorio. Darlle futuro. Gibson indica, por exemplo, que, “se España é plurinacional, que o é..., o lóxico sería que cada alumno monolingüe tivese que estudar, polo menos minimamente, outro idioma do Estado”.

O ruído que se produce pola dereita centralista pola validación do uso das linguas cooficiais no Congreso dos Deputados e Deputadas é outra variante máis da política de “incendarios vestidos de bombeiros”. E non vale argüír con razóns prácticas cando se trata de símbolos. O paso que se dá simboliza o que se expresa nese artigo da Constitución: “Respecto, patrimonio común, protección” e, xa que logo, benvinda e longa vida á diversidade lingüística e cultural! Nin que dicir que resulta demagórico e absurdo tan sequera insinuar que iso pon en perigo a supervivencia do castelán.

Pero o rexistro simbólico, sendo tan necesario, non abonda. A tarefa principal de dar vida, utilidade e futuro ao noso pasado lingüístico reside nas institucións e na cidadanía de cada nacionalidade histórica, galega, vasca e catalá (nas súas variantes) e dun pacto social a prol de políticas lingüísticas compensatorias, restauradoras e normalizadoras. Niso Galicia vai moito a remolque.

A necesidade do plan podería ilustrarse, no noso caso, con obxectivos como que o galego deixase de ser a “a perpetua lingua B”, “o idioma que se agacha diante de descoñecidos”, “o das materias docentes de menor prestixio”, “o que é imposible de atopar na televisión infantil”, “o da xente maior”, “aquel que non se lles fala aos nenos e nenas para que non sexan raros”, “o que é perfectamente prescindible para vivir en Galicia”, “o que non é *cool*” ou “o que é un atranco para atopar emprego”.

Un plan real, non de disimular, que non encaixa precisamente cun goberno galego contrario a que o galego teña presenza nas Cortes Xerais, non sabemos se por seguidismo partidario, complexo pailán ou mera incompetencia lingüística.

Todo “don” herdado  
implica unha “tarefa”.  
Un patrimonio  
inmaterial cómpre  
mantelo vivo.



Carlos Vázquez G.

## Non se pode xogar coas cousas de comer

Unha das mellores novas deste momento político veu sendo a articulación, baixo o nome de SUMAR, dunha plataforma ou candidatura unitaria de múltiples formacións, á esquerda do PSOE e a “competencia virtuosa” entre todas as forzas das esquerdas, coma compañeiros dunha viaxe que será longa se quer ser fértil. A superación da tradicional fragmentación e mesmo confrontación destas forzas foi estimulante e causa para mobilizar un electorado desencantado, que tantas veces encallou na abstención.

Sen restar mérito a dirixentes e militantes de todos os partidos implicados, cómpre dicir que a conxuntura social e política foi determinante. Parécemo a min.

O avance das dereitas extremas nas eleccións municipais e rexionais ensinaron as orellas do lobo e alertou e alarmou os máis confiados; os avances do goberno de coalición, sobre todo en materia de dereitos, condicións salariais e laborais ou de cobertura dos máis vulnerables, fíxonos decatarnos de que, tendo moito que avanzar, hai moito que perder. Con todo isto e algo máis, a decisión de adiantar as eleccións xerais aguilloou nas esquerdas a necesidade imperiosa de unirse e cooperar para evitar unha volta atrás de décadas e unha deriva antidemocrática que só podería traer sufrimento, empobrecemento, represión e mesmo violencia. Así foi como a necesidade se converteu en virtude.

Agora pódese frear o acceso ao poder das dereitas extremas, débese conformar outra vez un goberno de coalición e resulta imprescindible conseguir a súa estabilidade para unha boa xestión política.

Porque a conxuntura social e política segue a requirir, e por moito tempo, a unidade e a cooperación entre as

esquerdas e a súa ampliación aos sectores progresistas e nidiamente demócratas do país. Non só para seguir avanzando na consecución e exercicio dos dereitos, das políticas de solidariedade e do benestar social, senón, e sobre todo, para lograr encarar problemas cardinais que atinxen á supervivencia mesma da democracia española.

Basta pensar na, xa perentoria, reforma da Constitución en asuntos, por exemplo, como a organización territorial axustada á realidade plurinacional do país, que o seu Título VIII<sup>o</sup> xa non alcanza a resolver; a imprescindible “feminización” de todo o texto constitucional, marcado pola ausencia da muller; a inclusión na regulación constitucional das novas realidades, nadas da revolución tecnolóxica que estamos a vivir; a resolución definitiva da anomalía democrática da monarquía outorgada, que é o nó gordiano que “deixou atada e ben atada” a supervivencia larvada e nefasta do franquismo; a asunción de novos dereitos e deberes orixinados pola crise global do medio ambiente... e un longo etcétera.

## A conxuntura social e política vai requirir, por moito tempo, a unidade e a cooperación entre as esquerdas



A unidade lograda resultou ilusionante e esperanzadora, pero ten a fragilidade dun bebiño. Precisa de tempo e de cuidados para medrar e madurar. Pór a criatura en risco por insensatez ou intereses tortos e sectarios pode matala, o que sería un crime de lesa democracia.

Non se pode xogar “coas cousas de comer”.

# ...pero a vaquiña polo que vale

## O “encaixe de Galicia”, segundo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

(Agosto 1945, Bos Aires. Exilio. Extracto do artigo do primeiro número da revista *Galeuzca -Galiza, Euskadi, Cataluña*. Título “A posición ideolóxica de Galicia”. Texto do “discurso de Montevideo”. Asina Alfonso R. Castelao. )

“Son partidario de falar coas cartas boca arriba. No Estatuto plebiscitado (refírese ao estatuto de 1936) hai que distinguir dúas cousas: o documento en si, forzosamente limitado ás esixencias da Constitución e o desexo de goberno propio e vida libre... que sempre se manifestou democraticamente en Galicia a favor do sistema federal. Aceptamos a constitución de 1931 como punto de partida, pero xamais como tope das nosas aspiracións.

O Estado español non ten ningunha base que poida chamarse verdadeiramente nacional, como non sexa a vontade de imperio que sobrevive nalgunhas rexións. España non é única e indivisible, porque é plurinacional e, por iso, non debe ser único e indivisible o seu poder político... Os unitaristas republicanos buscan para España a paz, a orde, a xustiza, a liberdade, o progreso..., que nós tamén procuramos. Pero eles toman a España como unha Nación definitivamente constituída..., unha república única, na que a potestade de legislar reside nunha única cámara. Velaí a grave cuestión. Porque a vontade maioritaria dos españois convertida en único poder legislativo do Estado anula a vontade dos pobos diferenciados- Cataluña Euskadi e Galicia-.

Nós defendemos o principio de autodeterminación para todos os pobos que souberon conservar a través dos séculos a súa personalidade nacio-



nal e, polo tanto, tamén para Galicia, que conserva todos os atributos dunha verdadeira nacionalidade; pero considerámonos autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto, conveniente e posible, desbotando de antemán o separatismo... e avogando por unha unión pactada de todos os pobos diferenciados de España, nun Estado plurinacional e republicano, capaz de atraer a Portugal. ...O réxime de estatutos non resolve plenamente o problema español, pois baséase na desigualdade dos pobos e mantén hexemonías anacrónicas e servidumes insoportables.

Nós cremos que debe limitarse o número de membros federados ás nacionalidades que souberon conservar a súa personalidade histórica, a súa autonomía moral, porque doutro modo, co criterio voluntarioso de antes, veríamos as rexións de raíz unitaria organizarse en réxime autonómico, sen sentilo nin necesitalo, e ante unha Castela falsamente multiplicada non só romperían os freos da federación, senón que perdurarían as loitas intestinas.

Nós recoñecemos a existencia de España... e entendemos que esa unidade xeográfica debe plasmarse politicamente en forma de estado federal ou confederal, o máis eficiente posible, para lograr o asentamento definitivo e permanente da paz e a concordia. Queremos unha España forte, seria, capaz de enxendrar un destino común, patrimonio de todos, harmonizando nunha coordinación superior todos os intereses de Castela, Cataluña, Euskadi e Galicia”.

**España..., esa unidade xeográfica debe plasmarse en forma de estado federal ou confederal**

# O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Teño sempre presente unha historia que escribiu o xesuíta indio Tony de Mello: o home que descubriu como prender lume. No comezo da historia, un home batendo nunhas pedras conseguiu unha chispa que prendeu nunhas follas e, arrimándolle pólas secas, conseguiu que ardesen unhas potentes lapas. Reuniu os veciños da aldea e ensinoulles o invento. Mudou a vida de todos, agora tiñan lume para cocinar, quentarse cando ía frío, alumar na noite, fundir metais... O inventor do lume decidiu compartir cunha aldea veciña tal marabilla. Reuniu a xente e amosoulle o proceso e, antes de partir, regaloulle unhas cantas pedras máxicas e unhas pólas ben secas. Logo dun ano regresou por ver como progresaran os veciños e levou unha sorpresa: construíran un altar e sobre del colocaron unha urna onde estaban as pedras de facer lume e dedicábanse a adoralas.

Non teño nada contra a adoración, sempre que nos axude a abrir o corazón aos irmáns, como toda formar de orar. Veño observando que hai unha febre de adoradores que se vai estendendo por todas partes, chámanlle adoración perpetua. En moitas igrexas, durante 24 horas e todos os días do ano hai xente adorando ante o sagrario. Xesús deixounos a súa vida como pan que se parte e reparte, para ser alimento que dea vida a quen non ten.

Leo que en España hai 8 centros de internamento de estranxeiros, que para disimular chámanlles CIE. Nestes centros foron retidas nos últimos anos máis de 8 000 persoas, por faltas administrativas como non teren papeis, traballaren sen contrato, exerceren a mendicidade. No CIE agardan a que



se resolva un expediente de expulsión, para devolvelos aos seus países de orixe. As condicións do internamento vulneran os dereitos humanos. O bispo de Madrid, José Cobo, reclamou hai uns días o peche destes centros: “Non podemos meter preso a quen non cometeu delito ningún” e o Papa Francisco denunciou en Marsella unha Europa que non acolle e criminaliza as persoas inmigrantes. A illa de Lampedusa é quizais a mellor imaxe dun sagrario abandonado, milleiros de persoas amoreadas, sen as mínimas condicións para vivir. Non vexo que sexa unha preocupación urxente de pastoral nas nosas comunidades. E esqueceríamos como prender o lume?

## O CARRABOXO por ROBE LOIS





# O peto común

Josecho de la Torre Culler



IRIMIA

## As árbores que nos acompañan

Agora que entramos no outono e chega o tempo das castañas e demais froitos da época, achegámonos máis, se cabe, aos nosos montes para beneficiarnos do que estes nos aportan. As árbores que nos ofrecen estes froitos sempre estiveron aí, pero a relación dos humanos con eles non sempre foi a mesma... Con mágoa, observamos en boa parte do noso territorio montes de monocultivo sen orde e sen limpeza. Cómpre lembrar que os montes canto máis biodiversidade teñen, máis ricos son e consérvanse mellor para goce (e vida) de todos: das propias especies, dos animais e das persoas. É, polo tanto, un deber para coas xeracións vindeiras conservar este hábitat.

Non son poucos os beneficios das árbores na nosa vida: a madeira para mobles, para construír ou para quentarnos; a sombra nos días máis calorosos; os froitos durante todo o ano; a absorción do dióxido de carbono, causa do efecto invernadoiro; o control da erosión e a humidade e o fogar de animais e fungos. Coidar os montes non é só cuestión nostálxica.

Por que non coidar, por tanto, ao castiñeiro das castañas, a nogueira das noces ou a abeleira das abelás? Por que non coidar o loureiro que dá sabor ou a oliveira do aceite? O piñeiro das piñas e as súas sementes? O sabugueiro, unha das plantas medicinais máis antigas? O carballo tan típico da nosa paisaxe, que alimenta moitos animais coas landras e ofrece unha madeira de calidade?... Tratemos as árbores igual ca elas nos tratan a nós.



## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Os que máis defenden a Constitución española son os mesmos que non entenden como é España. Por fin, falouse nas diferentes linguas no Congreso dos Deputados. Por fin escoitamos o galego na tribuna. Non pasou nada. Ben, si pasou, algo ocorreu. Cando empezaron a falar en galego na tribuna, os radicais e a boa xente que fala español e son moi españois fuxiron con cara de anatema. Se había algunha dúbida de para que servía o galego, xa non hai dúbida. Serve para espantar fascistas. Ben está.

Támén gañaron o mundial as rapazas da selección española de fútbol. Dous meses antes de gañar había un iluminado na federación que dicía que as rapazas non deberían ter o nome na camiseta porque supoñía un gasto. Agora gañaron e deron unha gran lección cando o presidente abusou do seu poder para chantarlle un bico na boca a unha xogadora. Un bico non consentido é abuso. Penso que serviu para que o aprendese quen non o sabía.



Moitas veces non somos conscientes de que as cousas cambian. Agora un bico non consentido non é unha cousa sen importancia. Agora hai diversidade no Congreso. E cómpre que os que non entendan, fuxan. Marchen. Escapen. Abur, agur, adeu...

# A peneira

Beatriz Cedrón

A Asociación Cultural Pau de Moca, de Sabucedo, homenaxeou, durante o xantar comunal celebrado co gallo da festa de San Lourenzo, ao filósofo xesuíta **MANUEL CABADA CASTRO**. O recoñecemento á súa persoa tivo lugar na carballeira do Campo do Medio, acto que el mesmo agradeceu así: “Que Sabucedo e os de Sabucedo vivan sempre, e que sexan moitos os que tanto alí coma no resto do mundo vivan felices, tanto agora coma en séculos vindeiros”.



Laura Boubeta e Sara Valcárcel comparten autoría en **XE**, un álbum dirixido á cativada, que voa ao redor da procura da propia identidade. Na súa obra abordan a realidade das persoas intersexuais e procuran facela visible e achegar a diversidade ás crianzas dende as primeiras lecturas.



## O SINDICATO LABREGO GALEGO-COMISIÓN LABREGAS

celebrou no mes de setembro o seu 50 aniversario, nunha xornada festiva e reivindicativa en Encrobas. As intervencións de dirixentes do sindicato fundado en 1973, despois de varios anos na clandestinidade, mesturáronse con música, festa, palestras e alimentos galegos. A formación publicou, a raíz deste evento, un texto no que recolle fitos históricos da loita sindical agraria do país.



Outro dos homenaxeados no pasado mes de setembro foi **BERNARDO PENABADE**, que recibiu o Premio Meendinho, co que a fundación do mesmo nome recoñece aquelas persoas que destacan na dinamización cultural e lingüística do galego. Bernardo Penabade é o coordinador do Modelo Burela, proxecto que inicialmente perseguía aumentar a presenza do galego na escrita, mais que tamén atinxiu os obxectivos de incorporar persoas neofalantes ao galego e a atención á diversidade a través da inclusión social de persoas migrantes.





A Lei de Recuperación das Terras Agrarias recolle un modelo alternativo á concentración parcelaria (as **PERMUTAS**), que comezou a practicarse en Friol e que se está a estender por outros lugares do país. Na actualidade, hai preto de dúas mil hectáreas en Galicia implicadas neste modelo, que beneficia especialmente as explotacións gandeiras e que se ofrece co atractivo da súa gratuidade, xa que mesmo o Agader asume os gastos que se xeren durante o proceso.

Ao igual do que acontece en Suíza, en Bélxica, Canadá, Finlandia ou Israel, no Congreso español xa é posible expresarse en máis dunha soa lingua. O uso do **EUSKERA**, o **CATALÁN** e mais o **GALEGO** non será reprobado na cámara representativa, aínda que a medida non foi adoptada por unanimidade. A aprobación do seu uso no Parlamento europeo requirirá dunha espera máis longa, xa que, nun primeiro paso, só incluirá de xeito oficial o catalán.




O inicio do curso escolar trae da man o das actividades de moitas asociacións e entidades que están a protexer e a divulgar en toda Galicia a **MÚSICA E A CULTURA** tradicionais. Nestas datas, as propostas de cursos de ioga, pilates e taichí comparten carteis en vilas e cidades do país coa pandeireta, o baile tradicional ou mesmo os cantos de taberna. A boa nova é o incremento do número de persoas que participan neles.

Hai 90 anos, un matrimonio de arqueólogos alemáns, Georg e Vera Leisner, deron a coñecer as pinturas do corredor e da cámara do **DOLMEN DE PEDRACUBERTA** (Treos, Vimianzo). Hoxe estase a desenvolver un proxecto para revisar o seu estado. A tarefa, que comezou coa limpeza da contorna, xa desvelou pequenos obxectos como froito das escavacións e conta con atopar as pinturas en bo estado de conservación.





## Luís Gómez Aldegunde, mestre na vida



*Na primavera do ano pasado, Luís -corrector e autor do “Fachineiro” na contraportada desta revista durante tres décadas- chamounos por teléfono. Lembro a miña torpeza inicial: “Luís, compañeiro, que tal, dáme boas novas”. Pero era para dicirnos que tiña ELA. Quedei sen fala, mentres cun ánimo increíble relataba diagnósticos, tempo que lle daban, a situación familiar e profesional, o regreso do seu fillo Roi de Alemaña para estar con el. E contra o final, marcando estilo, aquel “polo resto..., ben”. Hai pouco mantivemos esta conversa que agora traemos a estas páxinas e que, como tantas outras cousas, non sería posible sen a axuda da súa compañeira na vida, Sara P. Quiñones.*

### Cómpre comezar por un simple e sentido “Como estás, Luís?”...

Pois estes días estou ben porque estou na aldea enchendo os ollos nos horizontes da infancia. Polo demais, teño que ir adaptándome ao avance da enfermidade. O último foron as mans. Xa non podo comer por min mesmo e dentro de pouco non poderei comer nada e logo implantaranme unha sonda no estómago para a nutrición. Non dispoñer das mans implica perder comunicación co mundo, non poder enviar correos nin ler libros... O seguinte será a perda da fala, que xa está moi deteriorada. E así, día a día, unha volta no parafuso. A ELA vaiche quitando todo o que tes e todo o que podías chegar a ter. É como na síndrome de Casandra, a sacerdotisa que podía ver o futuro, pero non podía facer nada por evitalo. Eu, igual. Sei cal vai ser o futuro, pero non podo máis ca ser espectador da destrución do propio corpo. Pois iso. Eu non precisaba da ELA para valorar o que tiña. Cada paciente supoño que vive isto dunha forma distinta, pero eu xa era consciente do que tiña na vida. E despois está o factor familiar, porque isto implica a toda a familia, que sofre tamén con un todas as consecuencias. E no aspecto médico, nada, o único

que poden facer é constatar o avance da enfermidade.

**Para o equipo da revista ti es un gran agasallo. O fachineiro é unha fiestra pequena que deita algo de luz nun interior escuro. Así, a golpe de lóstrego, exercendo de conciencia crítica: que se as hipocrisías de occidente en Palestina, ou a teima do “Demérito” por poñer no mapa a Sanxenxo, ou unha xeración de escritores que**

**Dentro do pequeno caos que eran as mesas de redacción, eu paseino sempre moi ben**

**publican en galego traducíndose co automático do castelán... Ducias de historias, de alertas. Era “acedo” o teu fachineiro?**

O fachineiro tiña momentos acedos, pero tamén outros alegres. En xeral, sempre tiña o toque do humor, retransca, e unha predilección pola lingua e a cultura galega. Era unha columniña atrevida, como a propia *Irimia*.



**Foi quizais unha boa mostra diso que chaman un “pesimismo esperanzado”? Darlles unha aperta ás causas perdidas, chorar e berrar con elas, non é un acto desesperado de esperanza? Estamos adurmiñados, anestesiados? Tragamos con todo?**

Eu ben quixera ser un pesimista esperanzado, pero polo que toca á lingua, que é o que máis me importa, véxoo cada vez máis difícil. Non sei se chegaremos a tempo para termos unha xeración que a salve da extinción. Oxalá sexa así, pero non lle vexo un bo futuro inmediato. Parece que nos gusta a asimilación. Abandonamos a lingua e a cultura encolléndonos de ombros. Queda aí un reduto dun 20 %, máis ou menos, e non sei se será suficiente.

**Na túa incorporación a *Irimia* tivo bastante que ver o propio Pepe Chao e a proximidade familiar. Como acabaches aquí, nesta aventura, e como valoras estes anos de disciplinada e non precisamente lucrativa actividade de escritura, corrección lingüística e animados xuntoiros?**

Pois foron case trinta anos, calculo que desde o 94. Eu empecei no Castiñeirío e claro que Pepe tivo que ver. Eu díxenlle que cría que non cumpría os requirimentos e el preguntoume se cría en Galicia. Eu díxenlle que si e desde aquela aquí estou. Claro que tamén

debeu influír o feito de que nunca houbo multitudes para colaborar na mesa de redacción. E foron anos de todo menos disciplinados (risa). A verdade é que dentro do pequeno caos que eran as mesas de redacción, eu paseino sempre moi ben.

**Por certo, con Pepe Chao, na súa derradeira etapa de severa afectación polo Parkinson, exerciches de leal asistente, facendo posible que algunha das súas publicacións chegase a bo termo... Fálanos desa complicidade editora.**

## A homenaxe do alumnado en Rois fíxome sentir que un non errou de todo na profesión que escolleu

A asistente que estivo sempre e en todo foi Sari, pero, si, no referente aos libros ás veces eu revisaba cousas, porque Pepe era unha locomotora escribindo e ademais dicía que a súa produción dependía da súa bioloxía. El tiña unhas obras en mente que non sabía se ía poder levar a termo. No caso do seu último libro, *Por aquí chégase a Galicia*, axudeille o mínimo imprescindible coas correccións e a ordenación dos materiais para que se publicase. Un libro, por certo, bastante irimego, xa que ten unha columna que

se parece a aquel “cantar do irimego” que el fixo durante tantos anos.

**Cando chegaba o mes das letras “Aldegunde Quiñones” (AQ) preparabades unha entrevista ficticia ao autor ou autora homenaxeada, así como material audiovisual... era impresionante. En *youtube* aínda se pode rastrexar. Supoño que nalgún momento recibirías un recoñecemento da Consellería de Educación, por horas de dedicación impagable e impagada.**

*A entrevistara ficticia* foi un xénero que xurdiu a partir dese material

audiovisual que comecei a facer co alumnado, alá polo 2008. Aínda que xa antes se fixera algunha desde os libros que distintas persoas publicaban sobre a figura homenaxeada. Desde logo, se estas cousas se fan, ese material audiovisual que tiña como mostra máis coñecida un “telexornal”, hai que facelas porque a un lle gusten e porque o alumnado se sinta cómodo e motivado, porque se un agarda o recoñecemento oficial, mellor é dedicarse a outra cousa.



# Ferrados de corazón

Luís Gómez Aldegunde, mestre na vida



**Recoñecemento do alumnado, si que o houbo. Como foi e como viviches a recente homenaxe no colexio de Rois ao seu mestre Luís Gómez Aldegunde, doente de ELA?**

A homenaxe que me dedicaron en Rois foi moi emocionante. As 25 promocións ás que lles dei clase encheron o pavillón. Algúns eran fillos das primeiras promocións. E realmente foi un *shock* emocional increíble porque ademais eu non contaba con tanta xente, co pavillón ata os topes e con discursos de todo tipo. Alumnos e alumnas que agora teñen corenta e pico, representando unha obra que fixeramos en 1999. En fin, todo saíu perfecto. Ata contactaron con Olga Novo, que é a miña poeta favorita, e proxectaron un vídeo no que me dedicaba un dos seus poemas. E despois unha morea de mensaxes que o alumnado de diferentes épocas deixou nunha caixa e que realmente me fan sentir que un non errou de todo na profesión que escolleu.

**Deixaches moita pegada e moita gratitude; poucas cousas se agradecen tanto na vida coma un bo mestre. Pero, poñámonos en formato Violeta Parra. Que lle agradeces ti á vida?**

## OS LÍQUIDOS ÍNTIMOS

Coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

Algunhas conservan estirados os nomes que gravei a navalladas tódalas tardes ó volver da escola.

Acostumada a tirar por un poema como por un becerro cando se lle ven as patas, cando xa non se está en idade de medrar.

Toda maduración require un desgarrar de tendóns. Entón é cando corren polo meu peito rabaños de cabras que non se dirixen a ningunha parte, sóbenme ás paredes desde as que te vexo, arrancan coa lingua o pasto mentres te vas.

O tacto dos teus violíns faime chorar terriblemente. E case non podo soportar que as túas mans me acariñen como a la dos xerseis que me facía a miña nai cando era nena.

Pero coa miña pel  
coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas

Olga Novo

Á vida agradézolle que me deixase ser como son. Cos meus defectos e as miñas virtudes, se é que teño algunha... Pero non hai queixa da conciencia que teño de min mesmo. Por iso agradezo ser un neno labrego, a familia que tiven, as amizades, o traballo, os libros, o teatro, as *pelis* e todo o que me fixo como son. Entón, desde ese punto de vista eu agradézoo todo, non me cambiaría por ninguén, nin sequera nesta situación. Xa teño dito que estou moi de acordo con esa frase, creo que de Mitterrand: “Non teño medo a morrer, pero si a deixar de vivir”. E, claro, o único lamento son eses trinta anos que, polas estatísticas, non vou poder gozar... E ver como se desenvolven os meus fillos, Iria e Roi, se terei algún neto, como será o mundo en 2040... Esas cousas.

**Desde a túa dobre paixón, a de mestre e a de namorado da lingua galega, poñamos por caso que hai un cambio en Galicia, político, cultural, xeracional. Déixanos unhas receitas, unhas claves para unha política pública enfocada a restaurar o galego**

**como a lingua normal na que vivimos outras mil primaveras neste córner atlántico.**

Quédanos ben camiño para chegar a ese cambio. Pero se chega, haberá que cruzar ese río. E unha das cousas que hai que facer é ter referentes en galego para as xeracións que terán que transmitirlo. Ter escolas en galego para os máis pequenos e pequenas, porque aínda que se poida dar un cambio na adolescencia, sería moito camiño andado que as crianzas puidesen estudar en galego a etapa de educación infantil. O que vivimos agora é unha ficción: non hai unha igualdade real de competencias en galego e en castelán ao acabar a educación obrigatoria. Ademais deses referentes en galego, hai que facela unha lingua útil en todos os campos, non só enfocado no ámbito libresco senón tamén no musical, no económico, no asociativo..., en todos; que non sexa reducida a ningún gueto cultural. E despois, que sexa unha lingua de e para o futuro. Eu recordo o meu libro de texto de primeiro de secundaria que tiña unhas pallozas

e un señor cun arado na portada. Parecía un libro de etnografía. Non podemos renunciar ao pasado, pero a lingua ten que servir para o futuro, estar presente na rede e nas tecnoloxías de cada momento. A verdade que é unha receita bastante tópica, pero non hai moita máis marxe para garantirlle un futuro.

**Graciñas, Luís. Tivemos a enorme bendición de facer contigo unha boa parte dos nosos camiños. Que a cousa vaia indo ben e unha enorme aperta nos reúna e acolla, con agarimo e humor a ferrados.**

Eu agradézoo todo, non me cambiaría por ninguén, nin sequera nesta situación





## XLV Romaxe Galega de Crentes



### “SORORIDADE E TERRA” Carballeira de Santa Minia, Brión

O pasado 9 de setembro celebramos a 45.ª Romaxe, que se di pronto; e poderíamos dicir que o tempo foi o protagonista absoluto. Toda a semana anterior pasámola consultando o Meteogalicia e cruzando os dedos para que non chovese e chegou o día e seguimos ollando o ceo.

Non vai chover, non... Pois si! Caeunos unha chuvieira de auga fría no medio da celebración, pero, e aquí está o bo da historia, ninguén se foi. Abrimos moitos paraugas, abriron dúas carpas nun momentíño e aguantamos coma campións un chisco ata que escampou. E aínda que estivemos así, que chove, que non chove, ao final saíu o sol e pola tarde daba pena marchar...

Á chegada atopámonos coa xente de Irimia co folleto e o medallón, moi distinto do habitual, xa que non estaba feito en Sargadelos. Tamén estaban os da HOAC e os do Comité Óscar Romero ofrecendo as súas publicacións. E os do grupo organizador, con cestas de variadas e deliciosas froitas da contorna como símbolo de acollida.

Da celebración podería contarvos que o Guieiro e mais Exeria nos levaron seguindo o folleto polas distintas partes da celebración:

- A presentación de Exeria, a peregrina galega do século IV, que

viaxou á Terra Santa e tamén a primeira muller escritora da Hispania, pois escribiu o *Itinerario* mentres viaxaba, para contarlles todo o que vía e descubría ás súas irmás e compañeiras.

- A lembranza das relixiosas, que desde os anos 70 fixeron opción de vida no mundo rural galego, coa participación de Pilar Wirtz, da Compañía de María en Bazar, e Reme, das Doroteas en Galegos, como exemplo das 16 comunidades de 10 congregacións distintas

que formaban a Rede de Comunidades Relixiosas no Mundo Rural Galego.

As súas intervencións, moi emotivas e aplaudidas, fixeron que nos decatásemos da importancia do seu labor, tanto no desenvolvemento social, cultural e relixioso das aldeas onde estaban como na promoción das rapazas que puideron estudar grazas a elas.

- E dando un salto ao presente, Carmen Freire falounos da Rede do Rural e de diferentes iniciativas de labregos e labregas: o proxecto







Amorodo, o mercado Lusco-Fusco en Compostela, a Asociación de Produtores Lentura, o grupo de técnicos Chimpín, a Asociación Daquí Darredor, e de todo o traballo en rede que se está levando a cabo.

- E non só no campo temos cambios. Tamén na Igrexa galega vemos pequenas experiencias de vida que agroman, como as celebracións en ausencia de presbítero que

se fan en Mandiá, o traballo pastoral nos Cotos, as Mulleres Cristiás Galegas, o *podcast* Nas túas mans, a Escola Galega de Espiritualidade, os Foros de Encrucillada e os grupos e comunidades que seguen camiñando.

Coa incorporación das personaxes de Tomé, o apóstolo famoso por dubidar, e Marthana, amiga de Exeria e diácona, chegamos á Memoria da Pascua, a compartir o

pan e o viño e aos 4 berros secos: un contra o clericalismo, outro contra o individualismo, un máis polas persoas que nos axudan a medrar e un especial de presas da cadea de Teixeira. Iso si, o de abaixarse e logo erguerse cada ano custa máis.

E rematamos coa Rumboia e a entrega do ramo á xente de Lodoselo, na Limia, que van preparar a Romaxe do vindeiro ano, coma sempre no segundo sábado de setembro.

Que contaremos do xantar e da festa posterior? O reencontro coa xente que non vemos hai tempo. O atoparnos coa sorpresa de quen vai por primeira vez. O tempo de falar e poñerse ao día das novidades acontecidas desde a última Romaxe, que nunca é dabondo. O compartir sobremesas ata non poder máis. Os cantares e bailares.

Por último, non deberíamos esquecer felicitar o grupo da Quenlla e as pandeireteiras que nos animaron coas súas cancións, as persoas que leron, as que escribiron o texto, as que organizaron, a xunta directiva de Irimia e o concello de Brión e as case 300 persoas que participaron, chegando desde distintas vilas e cidades de Galicia.

E, como dicíamos alí, vémonos de hoxe nun ano!!!



# IRMIÁ XLV Romaxe Galega de Crentes

## A VOZ DAS AMIGAS

Canción de Leilía, dun poema de Yolanda Castaño.


A miña voz, compañeiras, non naceu para afastar.  
Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?  
Miña irmá, miña irmá, miña amiga,  
tan igual a min e tan distinta,  
dáme a man e faremos cordada,  
ven comigo, miña camarada.

A miña voz, compañeiras, tráioa para partillar.  
Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?  
Miña irmá, miña irmá, miña amiga,

tan igual a min e tan distinta,  
dáme a man e farémonos grandes,  
temos xuntas a forza dos mares.

A voz das miñas amigas dáme folgos para avanzar.  
Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?  
Miña irmá, miña irmá, miña amiga,  
tan igual a min e tan distinta,  
todas xuntas non temos fronteira,  
ven comigo, miña compañeira.

Miña irmá, miña irmá, miña amiga,  
tan igual a min e tan distinta,  
dáme a man e faremos cordada,  
ven comigo, miña camarada,  
todas xuntas non temos fronteira,  
ven comigo, miña compañeira.





## Carta-testemuño dun interno do Centro Penitenciario de Teixeira

Estamos nun módulo de máximo respecto, onde temos unha boa convivencia grazas a unhas normas que esixen un estrito cumprimento, pero desexo subliñar que son normas de convivencia normal, como as existentes na vida, na rúa.

Trátase dun módulo con obradoiros ocupacionais, nos que a xente está a ocupar o seu tempo de forma que se fomenta a formación, tanto en oficios como a nivel académico. De feito, hai un club de debate, un club de lectura, alfabetización, matemáticas, física e química, videofórum, unha ciberaula e membros da revista *Vis a Vis*, que se realiza no interior do centro penitenciario.

O certo é que todo iso contribúe a ofrecer unha educación e formación claras, para que se poida facer unha reflexión profunda sobre a situación na que nos atopamos e que rompe totalmente co estereotipo que se asocia mentalmente á vida nun centro penitenciario, de tal xeito que é certo que estamos privados de liberdade, pero o resto dos nosos dereitos están plenamente vixentes e plenamente garantidos.

A verdade é que a desgraza pode debilitar a confianza, pero non debe romper a nosa convicción.

Aquí ensínannos que non debemos cometer a mesma equivocación dúas veces e non entrar na repetición do desastre e o seu sentido, e que o noso comportamento debe xirar en torno a facer o ben, e sempre dentro da lei.

J.V. Recluso do Centro Penitenciario de Teixeira (A Coruña)  
09 de setembro de 2023



*O QUE ESTÁ CLARO É QUE HAI UN PASADO  
QUE SE FOI PARA SEMPRE,  
PERO HAI UN FUTURO QUE AÍNDA É NOSO.  
SEN DÚBIDA, A VIDA É UN PROCESO DE  
APRENDIZAXE INFINITO.*



## 37º FORO ENCRUCILLADA Traballo Digno

Sábado, 21 de outubro  
Salón de actos colexio Compañía de María  
Santiago de Compostela

- 10:15 Presentación.
- 10:30 O traballo á luz do pensamento do papa Francisco  
**Fernando García Cadiñanos**, Bispo Mondoñedo Ferrol
- 12:30 O traballo na Doutrina Social da Igrexa.  
**Francisco Porcar Rebollar**, IOAC-HOAC
- 16:30 Unha vida digna. Un traballo digno,  
**Eloína Ingerto López**, Fundación Juan Soñador Galicia

[www.encrucillada.gal](http://www.encrucillada.gal)







## ESCOLA GALEGA DE ESPIRITUALIDADE

### Curso 2023-24

# XESÚS HOXE

### 5 sábados para pensar e vivir

4 novembro, 16 decembro, 27 xaneiro, 16 marzo, 4 maio  
De 10 a 19h no Colexio La Salle de Santiago  
(entrada de coches pola rúa Santa Clara)

**Mañán.** Momento de oración.

Diálogo con **Andrés Torres Queiruga**

- 04/11 A investigación actual sobre Xesús
- 16/12 Un Xesús plenamente humano
- 27/01 Xesús revela o que somos nós
- 16/03 A resurrección de Xesús e a nosa resurrección
- 04/05 Que significa “Xesús é Deus”

Libros de referencia. *Repensar la Cristología* de Andrés Torres Queiruga, EVD e *Que se sabe de... Jesús de Nazaret*, de Rafael Aguirre, Carmen Bernabé e Carlos Gil. EVD (pódense adquirir na Escola)

**Tarde:** Obradoiros.

- Xesús e a oración – Manolo Regal Ledo
- Amigo das Mulleres – Carme Soto Varela
- Conflitivo e perigoso – Xaquín Rguez. Pomares
- Curador da vida – María Cancelo e Marisa Vidal
- Celebración e despedida.

Libro de referencia *Jesús. Aproximación histórica*, de J.A. Pagola.

Matrícula: 40 € (con posibilidade de beca)  
Data límite para anotarse; 15 de outubro

Ingresos en ES04 2080 0500 5330 4004 3431  
Cada sábado xantaremos no Colexio La Salle  
Prezo do xantar 13€ (abónase no día)

Secretaría: Mari Carme Turnes Negreira  
[turnesnegreira@gmail.com](mailto:turnesnegreira@gmail.com) Tfn. 981 591118  
Avda Vilagarcía 13, 2ºE – 15706 Santiago de Compostela

Máis información e materiais no noso blog:  
<https://escoladeespiritualidade.blogspot.com/>

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981  
Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.  
Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedron, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.  
Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.  
Recepción de artigos e colaboracións en: [asociacionirimia@gmail.com](mailto:asociacionirimia@gmail.com)

Subscripcións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.  
Telf.: 615 464 095 / [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)  
Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 3 Euros.  
Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)  
Conta: Fiare Banca Etica  
ES10 1550 0001 2500 0078 9628  
Depósito Legal: C-1417-81  
Tirada: 650 exemplares  
Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)  
ISSN: 2172-9182  
Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas  
Distribúe: IMPACTA  
Edición electrónica: <http://irimia.gal>  
Feito en papel reciclado



**Fachineiro  
...do mestre  
benquerido**

Actividade subvencionada pola  
  
Deputación DA CORUÑA

## Invitadas estamos...

### Clases de biblia gratis

Este sábado pola mañá, no medio dunha das beirarrúas da miña vila, atopeime cun cartaz que indicaba: “Clases de biblia gratis”. Detrás do expositor portátil atopábase unha parella, vestidos dun xeito que chamaban a atención de calquera viandante (igual que o farían unha monxa de clausura ou un sacerdote con sotana): el de traxe e garabata, ela de saia plisada. Foi o único contacto que tiven coa relixión ao longo dese día. Nada suxestivo! E non pola oferta educativa, xa que isto da biblia me interesa e eu son moito de me apuntar a canto curso gratuïto online me promete converterme en experto nunha nova materia. Con todo, non che é para min este mundo das “testemuñas”, nin a súa mensaxe, nin o seu estilo nin a súa teima por difundir as súas revistas (aínda que o formato e a periodicidade me lembre moito a nosa Irímia).

### Outubro: invitadas á festa

Segunda revista deste curso escolar e xa estamos medidas en plena voráxine: responsabilidades laborais e familiares, compromisos ineludibles, etc. Dependendo de como sexamos de organizadas, precisamos dun calendario ou dunha listaxe de tarefas para irmos anotando todo o que debemos facer e cando debe estar feito. Non nos dá a vida! E a isto cómpre sumarlle as preocupacións e os afáns do día a día, que si, nos ocupan tempo e especialmente espazo nas nosas cabeceñas.

Seguindo a Mateo, nestes cinco domingos de outubro se nos invita a seguir a Xesús. Parece que fica claro que esta invitación é para todas as persoas as persoas sen distincións, desde o maltratador, o racista, as persoas que só saben utilizar a violencia, até as persoas que dan a súa vida polos demais. Todas iguais, todas invitadas. Se ti, mais eu, todas, xa estamos invitadas, o que se afonda nas pasaxes destes domingos e sobre o que nos invita a pensar, a través de parábolas e alegorías, é que resposta que cada un de nós imos facer a esta invitación.



### Son os froitos, é o calendario

Xesús insiste no importante, os froitos. Mais nunha cultura, como a nosa, que se afasta do rural, falar de froitos ás veces fica tan raro coma a vestimenta das *testemuñas* (sacerdotes e monxas incluídas). Pensa, longo, en prioridades. Ao final, que é o importante? Formar parte da Igrexa? Da nosa comunidade? De Irímia? De calquera movemento ou asociación que avogue por unha Igrexa máis igualitaria, por propostas ecuménicas, unha vida máis espiritual? A prioridade é formar parte de...? O domingo 29 de outubro vaise ler o resumo de toda a Biblia, posto en boca de Xesús: “*Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo o teu ser (...) ou teu próximo como a ti mesmo*”. E como sabemos que o estamos a facer? Pois mira os teus froitos. E nun momento onde o meu calendario rebordea de compromisos, de tarefas a facer, non estaría ben revisar se estas están aliñadas coas miñas prioridades e estas co que nos contan os evanxeos neste mes? E que pasa se non? Pois cada un darlle unha volta. Ou mesmo, apuntarme a un curso de biblia gratis.

## As variantes dialectais da xeración Z

*Ir a Santa Minia*

*Érache unha alegría*

*Ías pola mañán*

*E botabas todo o día*

Así di a copla popular e así podíamos cantar nós, que fomos para a carballeira da Santa Minia celebrar a Romaxe e ben que botamos todo o día, igual que se fai no propio día da santa e mais en todas as Romaxes. E ao botar o día todo, aínda nos deu para ir ata o bar e parolar algo coa xente de por alí. Sabedes que a nós nos interesa moito reparar ben en como se fala alá a onde imos. E compartilo convosco, cos que non fostes, ou cos que fostes pero non reparastes.

A Santa Minia está no concello de Brión, pertencente á área fisterrá norte, onde se emprega o seseo en toda a súa plenitude (tanto din *sinco*, como din *des*) e a gheada (*alegría*, *ghato* ou *algho*). Tamén son dos que din *irmán* (para home e muller: meu irmán / miña irmán) ou *mazán* e os que fan os plurais en *-ns* (*xamóns*, *pantalóns*...). Mais... coidadiño porque... en que falantes estamos a pensar exactamente cando tratamos disto? Porque de Brión é un lote de rapazada que naceu nas urbanizacións que están arredor d'Os Ánxeles e que, de falaren galego, o máis probable é que o fagan sen trazos dialectais propios da zona. Mesmo os que son de alí non os empregarán. O que pasa nesas urbanizacións é que non hai xente que naceu neste concello, senón que se xunta a diversidade de persoas que se achegan á urbe e escolleron estas cidades dormitorio para vivir. E cadaquén ten a súa variante dialectal, que pode ser mindonienese, lucu-auriense, tudense, etc. E esas persoas teñen fillos e fillas que, no caso de falaren galego..., que variante falan? Pois, polo que levamos analizado –non de xeito rigoroso, simplemen-

te facendo sociolingüística de orella–, falan un galego bastante neutro, moi parecido ao estándar. Aínda que só usen a lingua de Rosalía na casa, e non na escola, moitas e moitos non empregan trazos dialectais. E entendémolo. As escolas e institutos urbanos seguen a ser lugares hostís para a rapazada galegofalante e, aínda que ultimamente se traballa algo nos temarios de secundaria o prestixio das variantes dialectais, queda moito por sachar porque aínda sofren moitas burlas se lles escapa a gheada ou o seseo...

O caso é que mentres quedamos reflexionando sobre o futuro das variantes dialectais do galego nestas áreas periurbanas e urbanas, tamén pensamos en como transmitimos pezas da cultura popular. De verdade que hai que ser fiel á lingua oral cando esta foi deturpada? Nós pensamos que non, por iso vos deixamos esta na versión “normativizada”, mudando \*escalvitú e \*salú:

*Teño que ir a Santa Minia*

*Teño que ir á Escravitude*

*Teño que lles ir dar as grazas*

*Que me deron a saúde*

